

O nordés que sopra a favor da empresa

DEPUTACIÓN E EOI. DAVID FERNÁNDEZ PARTICIPOU NO PROGRAMA DINAMÍZ@TE PARA IMPLANTAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS AO NEGOCIO E MELLORAR O MÁRKETING DIXITAL POR: N. N. FOTOS: JOSÉ M^o ÁLVEZ

O emprendedor David Fernández Feijó leva o timón da empresa ribadense Nordés Náutica, que abriu as súas portas hai cinco anos na rúa Calvo Sotelo, rúa que desemboca no porto deportivo de Porcillán, base do negocio.

Despois de estudar dous graos formativos de Formación Profesional, o primeiro de mecánica de automoción, en Ribadeo, e o segundo de mecánica naval na Escuela Náutica Pesquera, de Xixón, David Fernández decidiu «aventurar o que son e ser meu propio xefe», comenta. O nordés era propicio. «Incluso un empresario da competencia me animou co proxecto, xa que sabía que había traballo para todos», confesa.

Nordés Náutica adícase, sobre todo, á reparación e mantemento de embarcacións de recreo, e a súa apertura supuxo unha descarga de traballo para outros negocios da localidade, que viven da grande cantidade de barcos na zona. Sen embargo, David Fernández tamén buscou ser exclusivo nalgúns servizos. Así, o seu taller é o único da comarca de A Mariña onde se reparan embarcacións neumáticas. Tamén é o único que repara motos de auga, «a pesar de ser moi costoso e pouco agradecido economicamente», matiza. A vocación do negocio tamén é restauradora, rama que tamén ten aplicado aos vehículos clásicos.

O seu obxectivo, como o de calquera empresa, é crecer, «aínda que primeiro hei de quitarme os créditos que teño enriba», asume. Despois, o proxecto é aumentar a plantilla, xa que agora el é o único traballador regular da empresa, que ás veces contrata a outra persona no verán, a época de máis movemento.

DINAMÍZ@TE. David Fernández é un dos 300 autónomos e micro-pemes que participou no programa Dinamíz@te, organizado pola Deputación de Lugo coa colaboración da Escola de Organización Industrial (EOI), e financiado nun 80 por cento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Este programa, creado especialmente para dinamizar o tecido empresarial da provincia de Lugo, ofrece aos participantes asesoramento individual e personalizado



David Fernández, no seu taller.

O taller Nordés Náutica é o único na comarca que fai reparacións de embarcacións neumáticas

David Fernández cambiará a web da empresa coa axuda do asesoramento de Dinamíz@te

sobre dúas ramas: xestión comercial ou implantación de novas tecnoloxías ao negocio.

David Fernández decantouse por este segundo tipo de asesoramento, que lle ofrecerá solucións software de negocio, como a implantación de infraestruturas de TIC básica ou avanzada, ferramentas de produtividade, facturación, contabilidade, entre outras.

Ademais, todos os tipos de asesoramento inclúen accións de mellora encamiñadas a impulsar a estratexia de marketing dixital. Para iso, David Fernández recibirá unha completa avalaición da súa páxina web, na que se analizarán aspectos como o deseño, usabilidade ou navegabilidade, e tamén o seu posicionamento nas

redes sociais, a reputación online e a xeolocalización nas principais plataformas.

«O meu obxectivo a curto prazo é cambiar a páxina web, que ten unha boa base pero necesita unha actualización», comenta o empresario, que tamén se serve doutras redes sociais, como facebook.

Os beneficios deste plan levado a cabo por un equipo técnico cualificado son, entre outros, os seguintes: impulsar a distribución dos produtos, acceder a novos mercados, incrementar e fidelizar aos clientes, mellorar os negocios a través da percepción dos propios usuarios, posicionar os produtos no mercado, e tamén buscar a eficiencia da organización con solucións informáticas innovadoras.

NORDÉS NÁUTICA

DATOS DA EMPRESA

Enderezo ▶ Avenida Calvo Sotelo, 55. 27700 Ribadeo, Lugo.

Teléfonos ▶ 982 131 725 y 636 794 053.

Correo electrónico ▶ info@nordesnautica.com

Páxina web ▶ www.nordesnautica.com.

Facebook ▶ Nordés Náutica.

Servizos ▶ Mecánica de mantemento e reparación de embarcacións; reparacións de fibra, pintura e tratamentos antiosmosis; reparación de embarcacións neumáticas; asesoramento e suministro de embarcacións; electrónica; seguridade e confort; accesorios; limpeza técnica; electricidade e enerxía, entre outros.



DEPUTACIÓN DE LUGO



GOBERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO



Escuela de organización industrial

Proxecto Dinamíz@te, organizado pola Deputación de Lugo en colaboración coa Escola de Organización Industrial e cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

COFINANCIADO POR:



FEDER

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL

“Unha maneira de facer Europa”